



**A**s noticias máis antigas que atopamos da presente parroquia, son que a Condessa Da. María Fernández deu ao Bispo de Tui Dn. Esteban Egea o Coto de Migran: dita doazón volveu a confirmar despois o seu fillo Dn. Nuño Velaz Coengo de Tui no ano de 1243: Nel de 1278 a 19 de Novembro o Bispo Dn. fernando Arias despachou Título de presentación da igrexa de Migrán. Venera por Patrón tutelar a Sn. fíz Mártir de Xirona (153), ao que celebran a súa festa o 1º de Agosto. Habitana 224 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Importan os seus décimos 21.420 reais, que disfruta por enteiro o Párroco: este ten casa reitoral e igrexario de 60¼ ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percibe de renda 141 reais e 19 marabedis. Paga á Mitra de Tui 25 soldos leoneses 1 libra de cera 30 marabedis vellós, e ademais 24 ferrados de centeo e 48 de miúdo. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Ten unha suntuosa e moi devota Capela dedicada a Nosa Señora das Angustias, cuxo santuario tivo principio pouco antes de mediados do Século 18. Tamén está aquí a casa solar da ilustre familia dos Cadavales. Dista da capital 3 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 510-511).







## Igrexa parroquial

A súa feitura é de planta de cruz latina: unha nave central e dúas capelas laterais, que forman a cruz.

Pegado á capela do lado sur engadíuselle con posterioridade outro corpo para que servira de sancristía.

A fachada principal ten unha ornamentación ben coidada. Encádrase con dúas pilastras laterais que teñen capitel simulado e basa. Rematan con pináculos distintos aos do resto da cuberta.

Toda a **fachada** (154) remátase cunha cornixa continua dende o beiril ata a rúa central onde se atopa a espadana.

A porta é alintelada e con xambas compostas, con molduras acobadadas, e enmárcase con pilastras.

Por riba do dintel, dous bocéis nas esquinas sustentan o frontón partido para acoller unha curiosa fornela.

Unha cornixa separa o segundo corpo da fachada, onde no eixo central había unha gran fiestra, moldurada e acobadada, que na actualidade está reducida a un pequeno oco rectangular.

Remátase a fachada con capias. Unha cornixa voada sustenta a espadana de dous corpos, o primeiro de dous ocos con arco semicircular para as campás, e o segundo cun só oco e con adorno de pináculos. Remata en cruz.

Dende a fronte apréciase a escada de pedra que dá acceso á espadana protexida por unha simple varanda metálica.

A nave central está amparada por dous contrafortes exteriores a cada lado.

Todos os esquinais exteriores da igrexa presentan apilastrados semellantes aos da fachada occidental.

A capela maior ten máis altura que o resto do edificio e coróase con pináculos nos extremos e no centro.

Polo interior, as capelas laterais teñen bóveda de canón perpendicular á da nave e o presbiterio cóbrese con bóveda nervada e unha gran clave central.

Conserva unha gran pila de auga bendita que ten 86 centímetros de diámetro.



Os cinco retablos que existen teñen gran valor artístico e moi boa imaxinería. Foron restaurados moi recentemente.

O **retablo maior (155)** cobre enteiro o testeiro da capela maior, e adapta o seu ático segundo a curvatura á bóveda.

Na parte central do friso pódese ler:

“ESTA CAPILLA MALLOR Y SU RETABLO LO MANDO HAZER Y PINTAR A SU COSTA  
d. MANUEL ANTONIO DE BALBIN Y VALDES ABAD DE ESTA AÑO DE 1744”

No banco hai catro modelos distintos de ménsulas para apoio das columnas do primeiro corpo, e nos entrepanos están as peañas que sustentan as imaxes das rúas laterais. No centro o Sagrario.

Ten tres rúas. A central está avanzada sobre as outras e enmárcase con catro columnas salomónicas, de catro espiras cada unha e que xiran en sentido inverso entre si. Decora o fondo da caixa coa pintura dun dosel sostido por dous anxos que tamén portan unha coroa. Nesta caixa antigamente estaba un expositor e na actualidade un Cristo morto na Cruz.

As caixas das rúas laterais límitanse con estípites de catros corpos cada un deles. Adórnanse con cartelas como remate superior.

O ático tamén se divide en tres rúas, con tres caixas. A central é máis ampla e avanzada. O seu fondo está decorado cunha simple arquitectura, festóns e un escudo de armas. Acolle a **S. Fiz (153)**.

Moi fermosas son as imaxes. Destacamos as de **S. Avaro (156)** e **S. Xosé (157)**.

No cruceiro do sur están os retablos do Carme e o Calvario.

O **retablo do Carme (158)** fíxose no ano 1786, como consta na lenda que ten no banco, que está decorado con diversa ornamentación en alternancia. No centro o **Sagrario (161)** coa porta decorada cunha custodia en relevo.

O primeiro corpo artículase con dúas columnas de fuste liso no interior e dous estípites nos extremos. A rúa central, máis ampla, ten unha fornela con moito fondo coa Virxe do Carme, e resaltada con tres pares de estípites.

As rúas laterais teñen fornelas de medio punto, coa orla tallada e os fondos pintados. Acollen a **S. Roque** e **Sta. Bárbara (160)**.







O entablamento de separación do ático rómpese na parte central para dar paso ao coroamento da rúa principal, e sobre el apóiase a peaña da **Virxe do Pilar (159)**.

O remate é o escudo do Carme sostido por dous anxos. Para consolidar a súa adaptación á bóveda debúxase sobre a mesma o perfil do retablo.

O **retablo do Calvario (162)** (ou do Cristo) é de planta quebrada, para adaptarse ao espazo.

Presenta como curiosidade principal que no banco, a ámbolos lados do Sagrario, ten a representación das Ánimas do Purgatorio.

A rúa central elévase ata o ático e a caixa central está pintada, como é costume nestes casos, coa representación de Xerusalén ao fondo e coa Virxe e S. Xoán ao pé da Cruz.

As rúas laterais están enmarcadas por estípites e teñen unha fornela fonda cuberta por cuartos de esfera.



Nas esquinas remátase con dous pináculos.  
 No cruceiro do norte están os retablos **do Rosario** (163) e de Sto. Antonio.

## Capela das Angustias

É do século XVIII.

Unha nave con capela maior rectangular e sancristía no lado sur.

A **fachada occidental** (164) preséntase enmarcada por pilastras con capitel e basa. A do lado sur ten pináculo.

No centro, unha escaleira de catro chanzos para chegar á porta que está moldurada e acobadada. Cérrana outras dúas pilastras que sosteñen unha moldura toral, máis potente nas esquinas, na que se apoia o frontispicio aberto no centro e con pináculos apilastrados.

Seguindo o eixo da fachada, unha fornela moldurada e de arco de medio punto, con venera, acolle á Virxe co Cristo morto.







Outras dúas pilastras, que enmarcan a fornela, sosteñen a cornixa sobre a que outros dous pináculos apilastrados centran unha pequena fiestra cuadríbulada.

Case no piñón a esfera do reloxo.

Remátase con cruz central e dous pináculos.

A fachada acolle no seu lado norte a torre campanario, de base cuadrangular.

Ten balaustrada voada en todo o perímetro, oco de medio punto por cara, tambor e cúpula, e adórnase con pináculos.

A capela maior ten bóveda de cruzaría e conserva pinturas nos nervos e nos plementos.

Acolle un fermoso **retablo** (165) do último tercio do século dezaoitto.

Ten un gran zócalo de madeira no que están as dúas portas que acceden ao trasaltar.

Ten un único corpo de tres rúas.

As laterais céntranse por estípites e a central por columnas en tercias, con ramoados e acanalados.

A fornela central rodéase de tres pares de columnas similares, máis pequenas e suspendidas. Nela está a **Piedade** (166).

As laterais son lisas de arco de medio punto con cartela vexetal.

O entablamento é mixtilíneo e soporta nos extremos dous anxos cos símbolos da paixón.

O ático ten fornela central cercada de estípites adosados ás pilastras e pequenas columnas con basa de follas.

Cérrase o conxunto con dous anxos que sosteñen a cartela de remate. O plemento posterior está pintado con cortinaxes.

Hai outros dous retablos na capela, de factura similar entre eles: o de **S. Campio** (167) e o da **Virxe** (168).

Son de planta movida, con rúas laterais estreiras e cóncavas. As súas peñas son grandes e con perfís curvilíneos.

A rúa central diferencia ámbolos dous retablos. É avanzada, pero na de S. Campio preséntase partida en dúas partes. Abaixo, ocupando tamén o banco, acolle a urna do Santo (169) e, sobre ela unha fornela ten os atributos que o representan sostidos por dous anxos.

No da Virxe, a fornela nace enriba do banco e non ocupa todo o amplo do arco.

O entablamento vai ascendendo en distintos planos e rómpese no medio para acoller a peña da caixa do ático.

Ten pináculos de coroación nos extremos.

### FESTAS E ROMAXES DE NIGRÁN

- S. Fiz: 1 de agosto.
- As Angustias: 3º domingo de agosto.

